

REGULAMENTO DA MEDALLA DE OURO E DA INSIGNIA DE OURO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

O artigo 77 r) dos Estatutos da Universidade de Vigo establece como unha das funcións da Xunta de Goberno a de *concede-las distincións honoríficas da Universidade nas circunstancias e condicións que regulamentariamente se determine*. En cumprimento deste mandato estatutario, a Xunta de Goberno da Universidade de Vigo na sesión do 24 de xaneiro de 2000 aprobou o seguinte regulamento:

Artigo 1 .- A medalla de ouro da Universidade é a máxima distinción para manifestar o recoñecemento da Universidade de Vigo a persoas ou entidades que teñan contribuído de forma relevante ó impulso e ó cumprimento dos fins da institución.

Artigo 2 .- A insignia de ouro da Universidade poderá concederse ás persoas que sobresaian dun xeito especial nos servizos prestados á mesma ben sexa pola súa especial relevancia ou pola duración dos mesmos.

Artigo 3 .- A concesión da medalla de ouro será acordada pola Xunta de Goberno co voto favorable da maioría absoluta dos membros que a integran. A iniciativa da proposta corresponderá ó Rector ou a unha quinta parte da Xunta de Goberno.

Artigo 4 .- A concesión da insignia de ouro corresponderálle ó Rector quen deberá informar da mesma á Xunta de Goberno.

Artigo 5 .- A imposición da medalla ou da insignia farase nun acto público presidido polo Rector. Deixarase constancia da mesma nun Libro de Rexistro correspondente a cada unha das distincións.

Artigo 6 .- No anverso da insignia e da medalla figurará o escudo da Universidade e no reverso o nome da persoa ou entidade que recibe a distinción así como a data de concesión.

Dilixencia para facer constar que o Regulamento da Medalla de Ouro e da Insignia de Ouro da Universidade foi aprobado na Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2000.

A SECRETARIA XERAL,

Margarita Estévez Toranzo